



Tempo de Lecer Ourense

O Liceo acolleu os actos do Día de Rosalía de Castro

Os escritores en lingua galega len e lembran a Rosalía na súa efeméride

Neste 2012 cúmprese 175 anos do nacemento da autora



Actividade: Celebración do Día de Rosalía de Castro.

Data: Venres, 24 de febreiro de 2012.

Lugar: Liceo **(Ourense)**

(rúa Lamas Carvajal, 5)

Organiza: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Ourense, 24 de febreiro de 2012.

O Liceo de Ourense acolleu este venres a celebración do Día de Rosalía de Castro, nun acto organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. No seu transcurso, o escritor Carlos Rafael leu a *Declaración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de Rosalía de Castro 175 anos despois do seu nacemento* e distintos autores lembraron e leron os textos máis representativos da escritora. O acto celebrouse de xeito simultáneo noutros lugares de Galicia. Ademais, as librerías sumáronse tamén á iniciativa con distintas actividades.

A declaración do colectivo de escritores no Día de Rosalía de Castro constitúe unha defensa e unha valoración da traxectoria vital e profesional da autora, subliñando moi especialmente a súa defensa e utilización da lingua galega nos seus textos. Segundo sinalou Carlos Rafael, “Rosalía soubo partir, a contrafío, da idea revolucionaria da necesidade e autoobriga de empregar para a creación de alta literatura unha lingua feita de menos, minusvalorada e estereotipada en clave intencionadamente negativa, tocando cuestións morais que acompañarán á galeguidade no seu paso pola historia”. A declaración tamén fai fincapé na “visión visionaria” de Rosalía, nun momento no que o movemento político máis puxante da galeguidade e do seu propio círculo persoal é o Rexionalismo. Nesta liña e segundo Carlos Rafael, “a obra de Rosalía impulsa nos seus temas aspiracións metafísicas e políticas que o sobordan amplamente e se adiantan case un século ao seu desenvolvemento efectivo”. A declaración dos escritores incide tamén na visión que Rosalía tiña no tocante á xustiza persoal, “da situación subalterna das mulleres ou da explotación do pobo galego arrastrado fóra da súa terra por políticas alleas... desde a aposta por unha obra que coloca os galegos ao carón dos explotados do grande teatro do mundo”.

Acto conmemorativo do 175 aniversario do nacemento de Rosalía, en Santiago

Paralelamente ao acto do Liceo de Ourense, a Capela do Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela, onde foi bautizada a escritora, acollía o acto conmemorativo do nacemento de Rosalía de Castro coa asistencia do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad e do secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo. O acto estivo organizado pola Fundación Rosalía de Castro co apoio da Consellería de Cultura e Educación, nunha liña de colaboración que ten por obxectivo fomentar o uso do galego a través da literatura así como da figura e da obra de Rosalía de Castro.

Neste marco de colaboración desenvólvense diferentes iniciativas de promoción da lingua, e para divulgar a figura dunha das figuras clave do Rexurdimento, entre as que se inclúen a realización de tertulias e recitais poéticos; así como a organización de dous destacados galardóns, como son os premios Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra, e mais o VII Premio Rosalía de Castro para Experiencias Pedagóxicas.



O apoio dos concellos galegos ao Día de Rosalía

Dende o colectivo de escritores en lingua galega informan que, na actualidade, 27 concellos de todo o país aprobaron ou están en

vías de aprobar a declaración do 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro, para ser recollido nas súas programacións culturais. Concellos como o de A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Pontenova, Arteixo, Arteixo, Betanzos, Cangas, Ferrol, Laracha, Muros, Narón, O Rosal, Ponteareas, Porto do Son, Redondela, Rianxo, Santiago, Teo, Tui, Valdoviño e Viana do Bolo xa confirmaron o trámite, unha lista que, segundo a asociación de escritores, "irá aumentando nos próximos días segundo se vaian celebrando os plenos".

Ademais do acto no Liceo de Ourense e noutros puntos de Galicia, moitos centros de ensino celebraron actividades relacionadas co Día de Rosalía, entre eles o Colexio Salesianos e 12 de outubro de Ourense, e o Madre de Deus de Sobrado. As librerías sumáronse tamén á efeméride. Foi o caso de Aira das Letras, de Allariz, que regala unha flor a quen compre un libro os días 24, 25 e 26 e en Sabaríns, Baiona, o Mercado da Tía Ni celebrou o Día de Rosalía agasallando a todos os seus clientes cun libro en galego.

www.tempodelecerourense.com